

O PSOE solicita á Xunta “corrixir o abandono e o desentendemento” da CH, facéndose cargo do arranxo das pistas de regadío do Val de Lemos

Santín, Docasar, Tomén Roca e Roberto Castro consideran que, ademais de “paliar a eiva” do organismo estatal, “sería unha oportunidade extraordinaria para compensar o trato de favor dado polo Goberno galego a outros concellos nos que goberna o Partido Popular”

“Se para a Xunta é posible gastar dun xeito claramente electoralista millón e medio de euros en reformar unha praza en Sober que xa foi arranxada fai poucos anos, e outro medio millón en bacheos, rexeneracións e novos asfaltados en pistas do Saviñao, Monforte merece o mesmo trato e o mesmo respecto”, defenderon

Comprobaron como existen treitos que, malia contar cun alto nivel de circulación de vehículos, se atopan nun estado de conservación “realmente lamentable”, causando graves problemas á maquinaria agrícola e os viandantes en xeral

Con esta iniciativa, atenden as numerosas peticións realizadas polos veciños, “pois foron moitas as persoas as que se dirixiron a nós para manifestar a súa queixa pola situación tan preocupante na que se atopan estas pistas, e que hoxe teñen unha función como calquera outra vía pública de titularidade municipal”

MONFORTE DE LEMOS, 12 DE FEBREIRO DE 2015.- Os deputados autonómicos –Juan Carlos González Santín e Vicente Docasar-, o voceiro do PSOE neste municipio –José Tomé Roca-, e o coordinador comarcal –Roberto Castro-, informaron este xoves que, tanto no concello como no Parlamento, pedirán que a Xunta de Galicia “corrixa o abandono e o desentendemento” da Confederación Hidrográfica, facéndose cargo do arranxo das pistas de regadío do Val de Lemos. Neste senso, consideran que, ademais de “paliar a eiva” do organismo estatal, “sería unha oportunidade extraordinaria para compensar o trato de favor dado a outros concellos nos que goberna o Partido Popular”.

“Se para o Goberno galego é posible gastar dun xeito claramente electoralista millón e medio de euros en reformar unha praza en Sober que xa foi arranxada fai poucos anos, e outro medio millón en bacheos, rexeneracións e novos asfaltados en pistas do Saviñao, Monforte merece o mesmo trato e o mesmo respecto”, defenderon Santín e Docasar

Con esta iniciativa, socialistas dan resposta ás numerosas peticións realizadas polos veciños, pois, segundo afirmou o voceiro do grupo municipal do PSOE, “son moitas as persoas as que se dirixiron a nós para manifestar a súa queixa pola situación tan preocupante na que se atopan estas pistas”. E é que, tal e como puideron comprobar, existen treitos que, malia contar cun alto nivel de circulación de vehículos, se atopan nun estado de conservación “realmente lamentable”, causando graves problemas á maquinaria agrícola e os viandantes en xeral. “É imposible esquivar as fochancas existentes, algunhas moi profundas e de gran tamaño”, subliñaron.

Os titulares, sen capacidade económica

Asimesmo, outro dos argumentos que avala a petición anunciada hoxe polos socialistas é que os titulares legais destas pistas -a Comunidade de Regantes-, ademais de non ter capacidade económica para mantelas en bo estado, sería inxusto que cargasen cos gastos duns danos que non producen eles, senón que son consecuencia da intensa circulación de todo tipo de vehículos alleos á actividade agrogandeira.

“A Xunta pode asumilo directamente a través dun acordo coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, como fixo recentemente nun treito da pista do canal que discorre dende a prolongación da rúa Francisco Moure na zona da Chacinera ata o entronque coa estrada de Castro Caldelas. Ademais, se as obras fosen realizadas polo organismo estatal, o custe das mesmas non repercutirían en ningún caso como gasto de mantemento a Comunidade de Regantes”, sostén Tomé Roca.

Como calquera outra vía pública

Estes accesos, que inicialmente tiñan a función de servir para o regadío, co paso dos anos e cos cambios producidos na sociedade, ampliaron a súa función ata o punto de converterse nunhas vías de comunicación moi semellantes a calquera outra de titularidade municipal. Tal é así, que son empregadas para acceder a fincas de todo tipo, comunicar núcleos de poboación e tamén vivendas illadas, sendo nalgúns casos as únicas vías de comunicación. É o caso, citou o voceiro do PSOE local, da estrada das Nocedas que ten o seu inicio na pista do canal que parte do acceso de Castro Caldelas, nas proximidades do cruce coa N-120.